

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2023-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 26 de setembro de dous mil vinte e tres ; as nove horas e cinco minutos xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, don Juan Carlos Fernández Fernández, dona Mariluz Expósito Pérez , dona Yolanda Gómez Gómez.

Está presente o Secretario do Concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o interventor do concello, don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudo dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 19 de setembro de 2023.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

Escrito de don Brais Fidalgo Martínez , Concelleiro-portavoz GM RIBEIRO EN COMÚN, con rexistro de entrada no concello 5980 de 25 de setembro de 2023 , no que expón :

Ribeiro en Común recórdalle ao goberno do PP que a subvención conseguida para a obra de mellora da Portanova ao Campo da Feira remata o vindeiro 30 de outubro.

O pasado xoves interesámonos nas Comisións Informativas pola situación deste Proxecto e os seus preparativos para non perder a subvención conseguida, así como a oportunidade de mellora desta Importante zona do casco histórico. Unha nova reivindicación do noso grupo durante anos, e que se conseguiu cando chegamos ao goberno local.

E solicita:

-Ribeiro en Común solicita que se cumpra o Proxecto realizado, recordando tamén que a retirada dos colectores soterrados avariados da Portanova é algo acordado no seu día polo anterior goberno. Así mesmo, lembramos que o goberno de coalición tiña

planificada a retirada de todos os colectores soterrados fora de uso, e alí onde se fixo, foi moi ben acollido pola veciñanza. Por este motivo, solicitamos que se continúe con ela: 1", Portanova, aproveitando esta obra, 2", rúa Salgado Moscoso, 3, rúa Ribeiro, e 4", Travesía Ribeiro.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.

5.- CUESTIÓNS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.

CERTIFICACIÓN Nº 1 E FINAL DA OBRA DENOMINADA "ACONDICIONAMENTO DO ANTIGO MATADOIRO".-

Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 1 e final da obra denominada "Acondicionamento do antigo Matadoiro", redactada polas Técnicas Directores da Obra Dona Mercedes Alvarez López e Dona Begoña Arregui Rodriguez, executado pola empresa Conecgal Instalaciones S.L., por un importe total de 31.022,49 euros.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1. Aprobar a certificación nº 1 e final, anteriormente indicada por importe de 31.022,49 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Instituto de Estudos do Territorio) e o Concello de Ribadavia.

2.- Aprobar a factura núm. 30 emitida pola empresa Conecgal Instalaciones S.L., de data 25.09.2023, pola mesma cantidade.

3.- Que se cumpriu a finalidade para a cál foi concedida a subvención e se tomou razón na contabilidade, en fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á execución do proxecto subvencionado.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº4/23.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº4/23, por importe de 106.081,84 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 3º TRIMESTRE DO 2023.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 3º trimestre do 2023, por importe de 51.519,96 euros, tarifa de depuración por importe de 9.970,22 euros, máis 6.162,15 euros de IVE, resultando un total de 66.776,49 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa

de depuración de residuais, correspondente ao 3º trimestre do 2023, por importe de 18.781,81 euros, Canon de auga fixo da Xunta, por importe de 8.684,41 euros e Canon de auga variable da Xunta, por importe de 9.886,93 euros.- Asi mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como periodo cobratorio entre o 1 de Outubro e o 27 de Novembro de 2023”.

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“Vistas as Bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos e mancomunidades de municipios para a organización de actividades fisico-deportivas 2023, aprobadas pola Xunta de Goberno da Deputación con data 29 de agosto de 20232 e publicadas no B.O.P. nº 201, de 1 de setembro de 2023.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollese as devanditas Bases solicitando a correspondente subvención, prestando a aprobación o proxecto denominado:

“VIII Carreira pedestre de Ribadavia”.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas referidas Bases”.

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“Vistas as Bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos e mancomunidades de municipios para a organización de actividades fisico-deportivas 2023, aprobadas pola Xunta de Goberno da Deputación con data 29 de agosto de 20232 e publicadas no B.O.P. nº 201, de 1 de setembro de 2023.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollese as devanditas Bases solicitando a correspondente subvención, prestando a aprobación o proxecto denominado:

“27º día da Bici”.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas referidas Bases”.

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“Vistas as Bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos e mancomunidades de municipios para a organización de actividades fisico-deportivas 2023, aprobadas pola Xunta de Goberno da Deputación con data 29 de agosto de 20232 e publicadas no B.O.P. nº 201, de 1 de setembro de 2023.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollerse as devanditas Bases solicitando a correspondente subvención, prestando a aprobación o proxecto denominado:

“Programa Municipal de actividades físico-deportivas 23/24”

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas referidas Bases”.

APROBACIÓN DE CONVENIO.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, presta aprobación o CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO E A EMPRESA “PARES O NONES PRODUCCIONS” PARA A CELEBRACION DO MUSICAL “LOS 2000” NA CASA DE CULTURA DE RIBADAVIA.

APROBACIÓN DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE CONTRATO DE SUMINISTRO DE MATERIAL DEPORTIVO INVENTARIABLE ,POR PROCEDIMIENTO ABIERTO SIMPLIFICADO SUMARIO

En ejercicio de competencia delegada por decreto de alcaldía de 26 de junio de 2023 la Junta de Gobierno acuerda:

PRIMERO. Aprobar el expediente de contratación, mediante procedimiento abierto simplificado sumario, para *el contrato de suministro de material deportivo inventariable.* convocando su licitación.

SEGUNDO. Aprobar los Pliegos de Cláusulas Administrativas Particulares y de Prescripciones Técnicas que regirán el contrato.

TERCERO. Aprobar el gasto correspondiente a la anualidad de 2023 por importe de 11.003,60 euros.

El gasto correspondiente a la anualidad de 2024 por importe de 7.703,65 euros queda sometida a la condición de la efectiva existencia de crédito en dicha anualidad.

CUARTO. Publicar el anuncio de licitación en el perfil de contratante con el contenido contemplado en el anexo III de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.

SEXTO. Publicar en el perfil de contratante la documentación integrante del expediente de contratación, en particular el pliego de cláusulas administrativas

particulares y el de prescripciones técnicas.

SÉPTIMO. Designar a la unidad técnica , como órgano competente para proceder a la apertura de las proposiciones y a la valoración de las ofertas:

Interventor del ayuntamiento: Vicente Soto Rodríguez.

Director del Servicio Municipal de Deportes José Manuel Pérez Otero.

Administrativo del ayuntamiento : Luis Pérez Díaz.

OCTAVO. Finalizado el plazo de presentación de proposiciones, se procederá a la apertura de las proposiciones y a su valoración

NOVENO. Efectuada la valoración de las proposiciones y la propuesta de adjudicación, se procederá a la adjudicación del contrato.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as oito horas e corenta e cinco minutos da mañá o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE